

estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, asinado o 17 de xaneiro de 2006.

2. A solicitude conterá unha declaración responsable de non estar en ningún dos supostos recollidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Artigo 5. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.**

1. A instrución do procedemento realizárase a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, que realizará de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Para os efectos previstos nos artigos 22.1 e 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Comisión Bilateral de Seguimento a que se refire a cláusula quinta do Convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio de Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia para aplicación do Plan estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, examinará e avaliará as solicitudes presentadas e emitirá un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

3. O órgano competente da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, á vista do expediente e do informe da Comisión Bilateral de Seguimento formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará aos solicitantes e concederá un prazo de 10 días para presentar alegacións, podéndose prescindir deste trámite de audiencia se non figuran no procedemento nin son tomados en conta outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados, caso en que a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

4. Examinadas as alegacións presentadas, de ser o caso, polos interesados, formularase proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

5. A resolución das solicitudes de subvención corresponderá á Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O prazo para ditar resolución e para notificala será de tres meses. O feito de que, unha vez transcorrido este prazo, non se lles notificase resolución, llexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

**Artigo 6. Financiamento e pagamento das axudas.**

1. As axudas excepcionais a que se refire esta orde concederanse con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c).2 e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda.

2. O pagamento das axudas por parte do Ministerio de Vivenda realizarase directamente á Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, logo de certificación por esta do recoñecemento das resolucións de concesión das subvencións outorgadas.

**Artigo 7. Compatibilidade con outras subvencións.**

1. A percepción das subvencións reguladas nesta orde será compatible coa doutras subvencións, axudas,

ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.

2. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde non poderá superar, en ningún caso, a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

**Artigo 8. Xustificación, comprobación e control.**

1. A Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia enviará ao Ministerio de Vivenda as listaxes do sistema contable das obrigas de pagamento contraídas, con especificación dos beneficiarios das axudas outorgadas en virtude desta orde, no prazo de tres meses desde a súa realización.

2. As axudas estarán sometidas ao réxime de control, reintegro e réxime sancionador previsto nos títulos II, III e IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Así mesmo, someterase ás obrigas de comprobación e control respecto á xestión dos fondos que poida efectuar a citada Administración, así como a calquera outro requirimento de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida para iso.

**Disposición adicional única. Aplicación das axudas.**

Poderanse acoller ás axudas establecidas nesta orde as solicitudes presentadas ante a Xunta de Galicia, en aplicación da Orde da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, do 4 de setembro de 2006, sempre que se cumpran os requisitos anteriormente establecidos.

**Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13 da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de febreiro de 2007.—A ministra de Vivenda, María Antonia Trujillo Rincón.

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**3811** REAL DECRETO 174/2007, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 568/1988, do 6 de maio, de delimitación da zona de promoción económica de Galicia. («BOE» 47, do 23-2-2007.)

Polo Real decreto 568/1988, do 6 de maio, creouse e delimitouse unha zona de promoción económica en Galicia, conforme o disposto no Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.

Posteriormente, o Real decreto 530/1992, do 22 de maio, modificou os artigos 1 e 2 do Real decreto 568/1988, do 6 de maio, no sentido de establecer unha zona especial que comprendía os municipios que integraban a zona industrializada en declive de Galicia, ata o día 31 de decembro de 1995, data a partir da cal quedaron sometidos ao réxime aplicable ao resto da comunidade autónoma.

Por último, o Real decreto 1328/2001, do 30 de novembro, modificou os artigos 1, 2, 5.1, 10 e 13 do Real decreto 568/1988 para adaptalo á autorización comunitaria do 11 de abril de 2000, que estableceu un máximo de incentivação en toda a comunidade autónoma do 40 por cento.

Por outra parte, o 4 de marzo de 2006 o *Diario Oficial de la Unión Europea* publicou as directrices sobre as axudas de Estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08) en virtude do compromiso adoptado polos Estados membros no Consello Europeo de Estocolmo sobre redución global das axudas públicas e a súa reorientación cara a obxectivos horizontais de interese común. Nelas fíxense as regras segundo as cales as axudas de Estado teñen por obxecto favorecer o desenvolvemento das rexións máis pobres, determinan os criterios para a selección das rexións que poden optar ás axudas rexionais e definen os seus teitos. Así mesmo, o punto 38 destas directrices establece como condición para que un proxecto de investimento poida obter axuda rexional que antes de comezar os seus traballos se presente a solicitude e que a autoridade nacional confirme por escrito que o proxecto, en principio, pode recibir a axuda.

O artigo 3.1.(b) do Regulamento CE n.º 1628/2006, do 24 de outubro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas rexionais ao investimento, publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea* o 1 de novembro de 2006, considera a posibilidade de exención da obriga de notificación do artigo 88, punto 3, do Tratado aos réximes que inclúan unha referencia expresa a tal regulamento, citando o seu título e referencias de publicación no *Diario Oficial de la Unión Europea*.

Na actualidade, tendo en conta a situación socioeconómica desta comunidade autónoma, faise preciso continuar aplicando nela a política de incentivação rexional, co obxecto de favorecer o seu desenvolvemento, fomentando a actividade económica, adaptándoa ás novas directrices comunitarias e dentro dos límites da Decisión da Comisión Europea Axuda Estatal N 626/2006, do 20 de decembro de 2006.

Cumpríronse as actuacións do Consello Reitor e da comunidade autónoma, previstas nos artigos 5.1 e 5.2 do Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, e na Lei 50/1985, do 27 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 9 de febreiro de 2007,

#### DISPÕÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 568/1988, do 6 de maio, de creación e delimitación da zona de promoción económica de Galicia.*

O Real decreto 568/1988, do 6 de maio, de creación e delimitación da zona de promoción económica de Galicia, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1.

Consonte o disposto no Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, créase a zona de promoción económica de Galicia, que com-

prende todo o territorio da comunidade autónoma.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os incentivos rexionais que se poderán conceder na dita zona non poderán superar a porcentaxe máxima do 30 por cento sobre o investimento aprobado. En todo caso, este límite máximo só será aplicable nas zonas prioritarias a que se fai referencia no artigo seguinte.

2. Ningún proxecto que se acolla aos incentivos rexionais en virtude deste real decreto poderá recibir outras axudas financeiras, calquera que sexa a súa natureza e o órgano ou Administración que as conceda, excepto as que se deduzan do artigo 16 do Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, que, acumuladas ás previstas na presente normativa, superen os límites sobre concorrencia de axudas financeiras a que se fai referencia no artigo 14 do Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro.»

Tres. O punto 1 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. O prazo de vixencia da presente zona de promoción económica, para os efectos de solicitar as axudas que se determinan neste real decreto, finalizará o día 31 de decembro de 2013.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, esta data pode ser adiantada, atendendo ás circunstancias que se poidan presentar, mediante orde do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Consello Reitor.»

Catro. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9.

Os proxectos de investimento que se pretendan acoller aos beneficios previstos nesta zona de promoción económica deberán cumprir ademais os seguintes requisitos:

Ser viables técnica, económica e financeiramente.

Autofinanciarse, polo menos, nun 30 por cento do seu investimento aprobado. Dependendo de cada proxecto poderase exixir unha porcentaxe superior.

O investimento non se poderá iniciar antes do momento en que o órgano competente da comunidade autónoma lle confirmase por escrito ao solicitante que o proxecto, suxeito ao resultado final derivado dunha verificación detallada é, a primeira vista, susceptible de ser elixible en cumprimento das condicións xerais de localización e de investimento produtivo, sen que se presupoña o cumprimento do resto das condicións que se deban exixir para a concesión dos incentivos rexionais e, polo tanto, sen que isto prexulgue a decisión que finalmente se adopte.

Para estes efectos consideraranse iniciados os investimentos cando exista calquera compromiso en firme de adquisición de bens ou de arrendamento de servizos que afecten o proxecto. Por "inicio dos investimentos" enténdese, ou ben o inicio dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipamentos, con exclusión dos estudos previos de viabilidade.»

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación.***

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar, por proposta do Consello Reitor, as disposicións necesarias en desenvolvemento e execución deste real decreto, así como para modificar os límites cuantitativos previstos nos artigos 8.1.a), 8.1.b) e 8.1.c), e 13, parágrafo terceiro, do Real decreto 568/1988, do 6 de maio, cando as circunstancias o aconsellen.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007.

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3941** REAL DECRETO 278/2007, do 23 de febreiro, sobre bonificacións na cotización á Seguridade Social respecto do persoal investigador. («BOE» 48, do 24-2-2007.)

A disposición adicional vixésima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, autoriza o Goberno para que estableza bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social correspondentes ao persoal investigador que, con carácter exclusivo, se dedique a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, a que se refire o artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

A citada Lei 35/2006 modifica o réxime normativo dos incentivos á investigación e o desenvolvemento e innovación tecnolóxica ao cambiar, por un lado, a dedución polas actividades existente na actualidade no imposto sobre sociedades e, por outro, incorporar un novo incentivo de natureza non tributaria incompatible co anterior, consistente na bonificación na cotización á Seguridade Social e que é obxecto de desenvolvemento con este real decreto.

Este novo incentivo á investigación demostrou un bo funcionamento noutros países da Unión Europea en que xa se está aplicando e, ademais, presenta outras vantaxes fronte ao incentivo de natureza tributaria, xa que ten un efecto máis directo e favorece a realización da actividade e a contratación de traballadores en España.

Este real decreto desenvolve o réxime normativo das novas bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social, regulando o obxecto, o ámbito de aplicación, as excepcións, os requisitos dos beneficiarios, o réxime de incompatibilidades, o procedemento de opción, a identificación do persoal ante a Seguridade Social, a aplicación, control e mantemento das bonificacións, o reintegro dos beneficios en caso de incumprimento dos requisitos e o financiamento. Así mesmo, o texto normativo inclúe unha disposición adicional, unha transitoria e dúas derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de febreiro de 2007,

### DISPONGO:

**Artigo 1. *Obxecto.***

Este real decreto ten por obxecto o establecemento dunha bonificación do 40 por cento nas achegas empresariais ás cotas da Seguridade Social por contingencias comúns respecto do persoal investigador que se determina no artigo 2, así como a regulación do exercicio da opción pola aplicación desa bonificación por parte das empresas dedicadas a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, a que se refire o artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

**Artigo 2. *Ámbito de aplicación.***

1. A bonificación establecida por este real decreto poderase aplicar na cotización relativa aos traballadores incluídos nos grupos 1, 2, 3 e 4 de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social que, con carácter exclusivo e pola totalidade do seu tempo de traballo na empresa dedicada a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, se dediquen á realización das citadas actividades, xa sexa o seu contrato de carácter indefinido, en prácticas, ou de carácter temporal por obra ou servizo determinado. Neste último caso, o contrato deberá ter unha duración mínima de tres meses.

2. Para efectos do establecido neste real decreto, considerarase investigación a indagación orixinal planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha comprensión superior no ámbito científico e tecnolóxico, e desenvolvemento á aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro tipo de coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Considérase tamén actividade de investigación e desenvolvemento a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto, sempre que estes non se poidan converter ou utilizar para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Así mesmo, considerarase actividade de investigación e desenvolvemento o deseño e elaboración do mostrario para o lanzamento de novos produtos. Para estes efectos, entenderase como lanzamento dun novo produto a súa introdución no mercado, e como novo produto, aquel cuxa novidade sexa esencial e non simplemente formal ou accidental.

Tamén se considerará actividade de investigación e desenvolvemento a concepción de software avanzado, sempre que supoña un progreso científico ou tecnolóxico significativo mediante o desenvolvemento de novos teoremas e algoritmos ou mediante a creación de sistemas operativos e linguaxes novas, ou sempre que estea destinado a lles facilitar ás persoas discapacitadas o acceso aos servizos da sociedade da información. Non se inclúen as actividades habituais ou rutineiras relacionadas co software.